

3. Convocatoria de grupos de traballo.

Curso académico 2010-2011

Os centros de formación e recursos, consonte o establecido na Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, da Educación, e nas liñas prioritarias de formación do profesorado da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia, fan pública a convocatoria que posibilita a constitución de grupos de traballo, modalidade de formación na que un grupo de profesoras e profesores intenta identificar os posibles ámbitos de mellora da súa práctica docente, a partir dunha reflexión colectiva, e decide traballar en equipo para conseguila.

Os grupos de traballo desenvolveranse conforme ás seguintes bases:

Primeira. Obxecto

Esta modalidade de formación ten como finalidade:

- Potenciar o traballo en equipo.
- Reflexionar sobre os procesos de ensinanza e aprendizaxe.
- Actualizar coñecementos científicos e didácticos para a súa aplicación na aula.
- Elaborar e experimentar materiais didácticos.
- Realizar propostas de mellora da práctica docente.

O proxecto do grupo de traballo elaborárase conxuntamente polo grupo de participantes no centro sede ou no Centro de formación e recursos, baixo a dirección da persoa asesora de formación responsable do grupo de traballo.

O proxecto deberá desenvolver, como mínimo, os puntos que se recollen no Anexo II da presente convocatoria.

O grupo de traballo poderá contar cun número de horas de docencia que non poderá exceder o 20% das horas totais do proxecto. Esta docencia será programada e coordinada pola persoa asesora de formación correspondente.

Segunda. Compañentes

Poderá participar o profesorado en servizo activo de todos os niveis educativos, agás o de nivel universitario, que imparta docencia en centros sostidos con fondos públicos dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

Os dous terzos do total de membros do grupo, así como a persoa coordinadora, deberán pertencer ao ámbito do Centro de formación e recursos no que se presente a solicitude, que deberá aterse ao establecido na base quinta desta convocatoria.

O grupo de traballo estará constituído por un mínimo de 5 membros e un máximo de 12, pertencentes ao mesmo ou a distintos centros educativos, incluíndo neste cómputo á persoa responsable da coordinación do grupo.

A participación nun grupo de traballo exclúe a participación noutros grupos de traballo e en seminarios permanentes. Así mesmo exclúe a participación en proxectos de formación e asesoramento en centros coa mesma temática, e tamén nas convocatorias que a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria establece como incompatibles coa de grupos de traballo.

A sede do grupo de traballo será o centro educativo dun dos membros do ámbito do Centro de formación e recursos.

Terceira. Duración

O número de horas de formación non será inferior a 20 nin superior a 50 horas durante o curso académico 2010–2011.

Cuarta. Orzamentos

O proxecto contará cun orzamento para o seu desenvolvemento, polo que se deberá acompañar dunha proposta que conteña os seguintes conceptos:

- Docencia, se a houber, de persoas expertas que non poderán estar destinadas no centro de formación e recursos no que se presente a solicitude, nin nos centros educativos do profesorado que participe no grupo, nin pertencer ao grupo de traballo.
- Material funxible e bibliografía.
- Desprazamentos.

A dotación económica de cada grupo de traballo será acordada pola comisión de selección, con cargo aos orzamentos do plan de formación do Centro de formación e recursos, e non poderá exceder os 1000,00 euros por grupo de traballo.

A persoa asesora de formación, responsable do grupo de traballo, será a encargada de realizar a xestión do correspondente expediente económico e administrativo.

A bibliografía e os materiais adquiridos co orzamento concedido quedarán depositados no centro sede do grupo de traballo, unha vez rematado o traballo.

Quinta. Solicitude e prazo de presentación de proxectos de traballo

O prazo de presentación de solicitudes de preinscrición, para o curso 2010–2011, estará aberto desde o 14 de setembro ata o 17 de decembro de 2010.

A solicitude de preinscrición deberá presentarse diante da directora ou director do Centro de formación e recursos debidamente cumprimentada con todos os datos requiridos no modelo que figura no Anexo I. Unha vez recibida a solicitude,

a dirección do Centro de formación e recursos asignará o proxecto a un asesor ou asesora que se comunicará coa persoa responsable da coordinación do grupo de traballo a fin de elaborar o proxecto conxuntamente co grupo, seguindo o guión que figura no Anexo III.

A persoa asesora, responsable do grupo de traballo, será a encargada de presentar o proxecto no rexistro do Centro de formación e recursos, unha vez elaborado, acompañado do informe correspondente e da documentación establecida na base sexta desta convocatoria.

A solicitude de participación (Anexo II) e o proxecto de traballo deberán presentarse no prazo de 20 días contados dende a recepción da solicitude de inscrición.

Sexta. Documentación

A solicitude de participación deberá ir acompañada da seguinte documentación:

- Proxecto de traballo, no que se desenvolvan os puntos recollidos no Anexo III. Presentarase en soporte papel e informático.
- Visto e prace do director ou directora do centro proposto como sede.
- Informe da persoa asesora designada pola dirección.

Sétima. Comisión de selección

A selección dos grupos de traballo será realizada, en cada Centro de formación e recursos, pola comisión de selección prevista na base sexta da convocatoria de proxectos de formación e asesoramento en centros.

Oitava. Selección dos proxectos

Unha vez presentado o proxecto nas condicións establecidas nas bases quinta e sexta da presente convocatoria, a comisión de selección deberá reunirse nun prazo máximo de 30 días contados a partir do día seguinte á data na que se presentou a solicitude de preinscrición.

A comisión de selección de grupos de traballo terá en conta, ademais, os seguintes criterios:

- Adecuación ás bases da convocatoria e ás liñas prioritarias de formación do profesorado establecidas pola Consellería de Educación e enmarcadas na LOE 2/2006.
- Repercusión do proxecto na práctica docente mediante a aplicación na aula.
- Relevancia innovadora do proxecto.
- Coherencia entre obxectivos, contidos, actividades, metodoloxía e procesos de avaliación, así como concreción de todos os aspectos citados.

- Adecuación e coherencia da proposta de organización temporal e dos recursos humanos e materiais.

O proxecto deberá contar co informe favorable da persoa asesora designada a tal fin.

A acta da comisión recollerá a relación dos grupos de traballo seleccionados e dos denegados e excluídos. Nela constará o título do proxecto, o nome da persoa coordinadora, o centro sede, o número de horas e de participantes de cada un dos grupos, así como o orzamento asignado, segundo o establecido na base cuarta da presente convocatoria. No caso dos proxectos denegados e excluídos, especificaranse as razóns correspondentes.

Novena. Resolución da convocatoria

A resolución da convocatoria, coa relación de grupos de traballo aprobados, denegados e excluídos, farase pública no taboleiro de anuncios do Centro de formación e recursos e comunicáraselle por escrito á persoa coordinadora de cada un dos grupos.

Contra esta resolución, as persoas interesadas poderán presentar as alegacións que consideren oportunas perante a presidenta ou presidente da comisión de selección no prazo de 10 días, contados a partir do día seguinte ao da súa publicación no taboleiro de anuncios do Centro de formación e recursos.

Unha vez resolta a convocatoria, non se admitirán modificacións na relación de participantes.

Décima. Coordinación e asesoramento

A persoa coordinadora de cada grupo de traballo terá ao seu cargo as seguintes tarefas: a organización do traballo do grupo, a convocatoria e coordinación das xuntanzas, a dirección e coordinación do desenvolvemento e avaliación do proxecto, da experimentación ou elaboración de materiais e da realización da memoria. Para tal efecto levantará acta, no programa de xestión (www.edu.xunta.es/fprofe), das reunións de traballo que se celebren no desenvolvemento do grupo de traballo.

A persoa asesora de formación, responsable de cada grupo de traballo, asistirá á xuntanza inicial con todo o grupo para a posta en marcha do proxecto. Así mesmo, no desenvolvemento do traballo, nun proceso colaborativo, asesorará ao grupo en todos os aspectos referentes ao proxecto: adecuación de obxectivos, contidos, actividades, metodoloxía, procesos de avaliación, elaboración da memoria e recondución do proxecto, se fose preciso. Programará e coordinará as sesións de docencia, se as houber, asistindo a elas sempre que sexa posible.

Décimo primeira. Seguimento

O seguimento do desenvolvemento do traballo dos grupos corresponde á comisión de selección.

A persoa asesora, responsable de cada grupo de traballo, elaborará un informe do desenvolvemento do proxecto para presentalo diante da comisión.

Décimo segunda. Memoria do proxecto

Ao finalizar o traballo, a persoa coordinadora de cada grupo presentará, por escrito e en soporte informático, unha memoria final coa documentación completa, segundo os distintos apartados do proxecto, axustada ao Anexo IV desta convocatoria.

A data límite de entrega da memoria final no Centro de formación e recursos correspondente será o 1 de xuño de 2011.

Décimo terceira. Avaliación final

A comisión de selección realizará a avaliación final dos grupos de traballo, tendo en conta o informe da persoa asesora responsable do grupo e a documentación presentada, no prazo de 20 días contados a partir do día seguinte ao remate do prazo de entrega das devanditas memorias.

A acta de avaliación reflectirá o número de horas recoñecido a cada grupo de traballo, para os efectos de certificación, atendendo ás actas de reunión de traballo, ao seguimento realizado, aos materiais entregados, ao informe final da persoa asesora responsable do grupo e á coherencia e calidade da memoria presentada.

No caso de que non se realice a memoria final ou non se entregue no prazo previsto, poderá ser revocada a axuda concedida ou librada, coa obriga de reintegrar a cantidade percibida ao centro de formación e recursos.

Non se poderá propoñer para a certificación ao profesorado que non estivese presente no 85% das horas aprobadas para a realización do proxecto, segundo o disposto na normativa vixente.

Décimo cuarta. Certificación

A dirección do correspondente Centro de formación e recursos expediralle aos membros dos grupos de traballo a certificación acreditativa da coordinación ou da participación nel, acordada pola comisión de selección, unha vez presentada e avaliada positivamente a memoria final.

A certificación farase en función das horas de traballo dedicadas e xustificadas, a proposta da comisión, sen superar en ningún caso un máximo de 50 horas.

Décimo quinta. Difusión e publicación dos materiais

Os materiais elaborados quedarán depositados no Centro de formación e recursos, para consulta do profesorado interesado, e poderán ser difundidos polo devandito centro.

Se as persoas compoñentes dun grupo de traballo deciden publicar os materiais elaborados, deberán comunicarlle esta circunstancia á dirección do Centro de formación e recursos e facer constar na publicación que o traballo se desenvolveu con subvención da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria a través do devandito Centro de formación e recursos. Dita publicación axustarase á normativa vixente, tanto na orixinalidade dos materiais coma no uso de imaxes.

ANEXO I. MODELO DE PREINSCRICIÓN

O/A coordinador/a cuxos datos se relacionan.

Apelidos, nome:		
Correo electrónico:	@edu.xunta.es	Teléfono
Nome do centro sede:		
Enderezo:		
Localidade:	Código postal:	
Concello:		
Tipo de centro:	Público: <input type="checkbox"/>	Privado concertado: <input type="checkbox"/>
Número total de profesorado que podería estar implicado:		
Tema previsto:		

COMUNICA o interese do centro en participar na convocatoria de grupos de traballo realizada polo Centro de Formación e Recursos, para o curso académico 2009-2010 e solicita a colaboración do mesmo na elaboración do proxecto.

_____, _____ de _____ de 20__

Vº e prace
O/A director/a do centro
sede do grupo de traballo
(*sinatura e selo*)

O/a coordinador/a

Asdo.: _____

Asdo.: _____

Sra./Sr. Directora/Director do Centro de Formación e Recursos _____

ANEXO II. MODELO DE SOLICITUDE DE GRUPOS DE TRABALLO

1. Título do grupo de traballo

--

2. Persoa coordinadora

Apelidos, nome:	NIF:	
Nivel educativo:	Centro:	
Correo electrónico:	@edu.xunta.es	Teléfono:
Enderezo particular:		
Localidade:	Código postal:	
Concello:		
Adscrito ao Centro de Formación e Recursos:		

3. Sede do grupo de traballo:

Centro:		
Enderezo:		
Localidade:	Código postal:	
Concello:		
Correo electrónico:	@edu.xunta.es	Teléfono:

4. Compoñentes do grupo de traballo que manifestan que cumpren os requisitos da convocatoria e non incorren en ningunha das incompatibilidades establecidas pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

Nº	Apelidos, nome/ Especialidade	NIF	Centro de destino, correo electrónico	Sinatura
1			@edu.xunta.es	
2			@edu.xunta.es	
3			@edu.xunta.es	
4			@edu.xunta.es	
5			@edu.xunta.es	
6			@edu.xunta.es	

SOLICITA participar na convocatoria de grupos de traballo para o curso académico 2010-2011.

_____, a _____ de 20__

Vº e prace
O/A director/a do centro
sede do grupo de traballo
(*sinatura e selo*)

O/a coordinador/a

Asdo.: _____

Asdo.: _____

Sra./Sr. Directora/Director do Centro de Formación e Recursos _____

ANEXO III. GUIÓN PARA A ELABORACIÓN DO PROXECTO

1. Título do grupo de traballo.
2. Xustificación, que deberá contemplar, entre outros, os seguintes aspectos:
 - Punto de partida do grupo no referente ao desenvolvemento do traballo (contexto, formación e experiencia previa no tema obxecto do traballo).
 - Detección de necesidades para a identificación da área de mellora.
 - Autoavaliación da práctica educativa da que se parte.
 - Importancia do proxecto para a práctica pedagóxica do grupo de participantes.
3. Obxectivos de formación e de repercusión na práctica docente.
4. Programa de contidos e actividades coa súa temporalización.
5. Metodoloxía que se pretende seguir e procedementos de traballo previstos.
6. Organización de recursos humanos e materiais.
7. Establecemento de criterios e procesos para a avaliación dos diferentes aspectos do proxecto e da súa repercusión na práctica educativa referentes, polo menos, aos seguintes aspectos:
 - Análise e valoración das producións do grupo.
 - Aplicación e repercusión do proxecto na práctica educativa.
 - Metodoloxía empregada.
 - Grao de satisfacción do grupo co traballo realizado.
 - Organización dos recursos humanos e materiais.
 - Reflexións realizadas, logros e incidencia do proxecto.
 - Propostas de mellora e, no seu caso, de continuidade do traballo.
8. Temporalización: calendario e horario previstos para a realización do proxecto.
9. Necesidades orzamentarias, de acordo co establecido nas bases da convocatoria.
10. Indicación expresa de que para este seminario permanente non foi recibida ningunha outra achega económica e que non se ten solicitada.

ANEXO IV. MEMORIA FINAL

1. Análise do contexto no que se desenvolveu o grupo de traballo.
2. Xustificación das variacións introducidas respecto do proxecto inicial, se é o caso.
3. Consecución dos obxectivos:
 - Obxectivos propostos.
 - Obxectivos acadados ao final do proceso.
4. Contidos desenvolvidos e actividades realizadas.
5. Criterios e procesos de avaliación empregados.
6. Conclusións: logros e incidencia no centro.
7. Relación detallada dos materiais didácticos elaborados e dos documentos que se entregan (en soporte de papel e informático).
8. Actas das sesións de traballo do grupo con relación das persoas asistentes e ausentes.
9. Acta de resumo final asinada polo coordinador ou coordinadora e co visto e prace do xefe de estudos. Deberá incluír o nome e apelidos, o DNI, o NRP e as horas de traballo do profesorado que participou con regularidade no seminario permanente.
10. Materiais elaborados.